



## Anuncio aprobación provisional Padróns Fiscais para o 2026

Mediante acordo adoptado na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de xuño de 2026, aprobáronse provisionalmente os seguintes Padróns Fiscais correspondentes ao exercicio 2026 para o seu cobramento mediante recibo. Os padróns aprobados son os seguintes:

- Padrón da taxa polo servizo de recollida de residuos.
- Padrón da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e de carga e descarga de mercadorías de calquera clase (Vaos).
- Padrón da taxa polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.
- Padrón da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Os mencionados Padróns expóñense ao público e poden ser consultados nas oficinas municipais para que os interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións, durante un prazo de quince días dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. De non presentarse alegacións, reclamacións ou realizarse modificacións de oficio o Padrón aprobado provisionalmente, elevarase a definitivo sen necesidade de novo acordo.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil